

REGULAMENTO DE PROTECCION DO CEO NOCTURNO (24-04-2003)

REGULAMENTO de PROTECCIÓN DO CEO NOCTURNO

“Existen unha serie de regras que, permitindo o mantemento dun bo nivel de iluminación das estradas, redundaría nunha diminución importante da cotaminación de luminosidade. Estas regras consisten fundamentalmente, en non lanzar luz por enriba da horizontal e en dirixila alí onde é necesaria. Neste senso os criterios básicos que vai seguir este Regulamento son os seguintes:

- Evita-la emisión de luz para o ceo.
- Utilización de luminarias axeitadas.
- Utilización de lámparas axeitadas.
- Proxección da luz de acordo coas normas vixentes.

Artigo 1º.-

O presente Regulamento aplicarase a tódolos proxectos de iluminación, tanto de urbanizacións públicas como privadas, no termo municipal de Caldas de Reis

Para o deseño das instalacións usaránse as recomendacións españolas do Comité Español de Iluminación (CEI), europeas da Comisión Internationale de L'Eclairage (CIE) e as da Oficina Técnica para a Protección da Calidade do Ceo (OTPC) do Instituto de Astrofísica de Canarias relativas ós niveis luminotécnicos.

Artigo 2º.-

Inclinación das pantallas.

A primeira precaución e a mais importante que hai que adoptar é non dirixi-los raios de luz hacia o ceo. O mais determinante para evita-la perda de luminosidade é usar un apantallamiento das luminarias axeitado, neste senso:

- a) As pantallas e paneis en xeral non han de dirixir fluxo luminoso sobre o plano paralelo á horizontal. Chamaremo-lo fluxo que sobrepasa este plano coas siglas FHS (Fluxo Hemisferio Superior). Seus límites de tolerancia serán:
Luminarias de uso vial..... FHS menor ou igual ó 0,2 %
Luminarias de uso de peóns..... FHS menor ou igual ó 1,5 %
Luminarias en zonas residenciais..... FHS menor ou igual ó 2 %
Luminarias de tipo ornamental..... FHS menor ou igual o 5%
- b) Para conquistar co fluxo luminoso quede ben repartido entre o extremo e o centro da calzada, as formas parabólicas dos reflectores poden ser asimétricas. Neste caso a inclinación máxima dunha luminaria para dirixi-lo fluxo luminoso á calzada non superará os valores $\pm 10^\circ$ coa liña horizontal respecto a vidros planos y $\pm 5^\circ$ respecto a curvos.
- c) En luminarias antigas nas que esta inclinación non permite que o fluxo luminoso poida ser dirixido sobre toda a calzada porque non ten formas parabólicas asimétricas, estudarase si é posible, reduci-la inclinación sin deixar de ilumina-la mesma zona.
- d) Modificación e retirada sucesiva (no momento en que se procede á substitución ou reposición do alumeadado) de tódalas luminarias redondas, tipo globo.

- e) De instalarse luminarias tipo globo, instalaránse globos que non provoquen constaminación de luminosidade e optimicen o consumo de enerxía eléctrica porque teñen a semiesfera superior opaca e dispositivos reflectores eficientes que permiten recupera-lo fluxo luminoso da parte superior para ilumina-la superficie que se desexa. Trátase en tódolos casos de esferas de policarbonato transparente con superficie de microprismas para desvia-la luz ó hemisferio inferior.

Artigo 3º.-

Vidros das luminarias.

As luminarias terán os vidros planos ou lixeiramente curvos, feitos de material dunha gran capacidade de transmisión (transparencia) e que esta cualidade non se altera polos efectos da intemperie ou do paso do tempo.

- a) As luminarias que teñan vidro transparente semiesférico coa superficie rugosa (con efecto multiprisma) non desexada, na medida que sexa posible, sustituiranse por vidros planos ou lixeiramente curvos.
- b) As luminarias serán o mais pechadas posible para que o lixo e a suciedade que co tempo vai aparecendo nos elementos ópticos non provoquen opacidade e perda de reflexión.
- c) As luminarias con vidros transparentes curvos dispersan sempre luz ó hemisferio superior. Na medida que sexa posible non se instalarán co fin de optimizar en consumo enerxético.

Artigo 4º.-

Distribución de fluxo e clases de luminarias.

A distribución do fluxo de luz nas ruas será o mais uniforme posible para evitar iluminacións puntuales intensas que provocan fortes contrastes e fan necesaria a instalación de mais puntos de luz. As mellores luminarias serán as que, cumprindo coa distribución de fluxo uniforme, teñan unha maior eficiencia enerxética medida en W/m², valor que procurárase axustar o máximo posible.

Este criterio de eficiencia débese usar con flexibilidade para permiti-lo uso de luminarias decorativas ou de diseño en zonas de poboación para o ornamento do entorno.

Para ter unha iluminación o mais uniforme posible límitase o nivel máximo de iluminación puntual, que non será superior a catro veces o valor do nivel xa recomendado.

Artigo 5º.-

Iluminación ornamental.

No caso de instalarse luces ornamentais, o fluxo luminosos dirixirase, sempre que sexa posible, de arriba a abaixo, procurando que os raios se dirixan soamente á superficie a iluminar. Si é posible, instalaránse sistemas de aletas externas nos focos da iluminación ornamental para evita-la dispersión de raios ó ceo.

Artigo 6º.-

Instalaránse bombillas de vapor de sodio de alta presión (VSAP) ou de vapor de sodio de baixa presión (VSBP). Soamente en lugares de interés especial permitirase a instalación de lámparas de mercurio.

Artigo 7º.-

Horario.

O Concello de Caldas de Reis continuará coa redución da intensidade lumínica do alumeadado público a partires de determinadas horas da noite, na que actividade cidadana redúcese ó mínimo. A redución efectuarase de dúas maneiras: apagando a metade ou mais dos puntos de luz ou rebaixando a emisión luminosa con sistemas de regulación de fluxo. Neste caso a redución poñerase no nivel recomendable para a seguridade do tránsito rodado e para o movemento dos peóns.

O apagado de puntos de luz parcial ou a redución da intensidade luminosa escomenzará ás 22.00 horas, no horario de inverno (outono e inverno) e ás 24.00 horas no horario de verán (primaveira e verán), coas excepcións de festivos especiais, conmemoracións e outros eventos cidadans. As posibles iluminacións ornamentais públicas e privadas apagaranse seguindo o horario antes citado, e tamén coas excepcións sinaladas.

Artigo 8º.-

Outras regras para ter en conta.

O Concello de Caldas de Reis asesorará e recomendará ás empresas particulares que na iluminación de recintos privados exteriores, os anuncios de publicidade se atean ás normas de redución da contaminación luminosa nocturna e ós criterios de eficiencia do consumo enerxético. No futuro, para as novas instalacións industriais, comerciais e de ocio, o Concello de Caldas de Reis velará para que os permisos concedidos se adecuen o cumprimento das normas e dos criterios sinalados, que o Concello poñerá a disposición dos promotores, si é posible, previamente á solicitude dos permisos correspondentes.

Nos casos de anuncios de publicidade, o haz luminoso dirixirase soamente ó anuncio.

Xa que o uso de cañóns de luz convencional e láser dirixidos ó ceo das instalacións turísticas e de ocio, con finalidades de reclamo publicitario, representa unha actitude contraria a este ordeanza, o Concello de Caldas de Reis os prohibe en todo o termo municipal.

Artigo 9º.

O Concello de Caldas de Reis establecerá un réxime de seguimento con aparatos adecuados e persoal especializado para controlar as instalacións unha vez sexan practicadas.

Artigo 10º.-

Esquema gráfico para mellora-las instalaciones do alumado:

